



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 768 /2015.

Vista a solicitude formulada por catro membros da Corporación Municipal de realizar unha sesión extraordinaria deste órgano presentada no rexistro municipal o 6 de novembro do 2015, con número de rexistro de entrada 9.496, e

Considerando o disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **23 de novembro de 2015 (luns) ás 10:30 horas**, coa seguinte orde do día:

1.- Apertura da piscina municipal o sábado, día 14 de novembro, para que os usuarios e veciños vexan o estado en que se atopan as instalacións.

2.- Informe, e explicación, das obras pendentes de realizar e materias que hai que mercar para poñer en funcionamento as instalacións da piscina.

3.- Cal é o importe das obras a realizar e materiais a mercar, así como a explicación de como se financiarán e os prazos estimados para as obras.

4.- Presentación dos pregos e do estudo de costes, con xestión propia e con empresa contratada ao efecto.

5.- Proposta de data de posta en funcionamento das instalacións da piscina municipal cuberta.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 19 de novembro do 2015

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante mín

A Secretaria



Asdo. Ana María Ares Álvarez